O vicepresidente 1º do Parlamento ofreceu esta tarde unha recepción aos participantes no Congreso Anual da Asociación Europea de Profesores de Dereito Tributario que se celebra en Santiago

BALTAR BLANCO RECIBE AOS PARTICIPANTES NO CONGRESO DA ASOCIACIÓN EUROPEA DE PROFESORES DE DEREITO TRIBUTARIO

Santiago, 4 de xuño de 2009.- O vicepresidente 1º do Parlamento de Galicia, José Manuel Baltar Blanco, ofreceu esta tarde unha recepción aos participantes no Congreso Anual da Asociación Europea de Profesores de Dereito Tributario.

Na súa intervención, o vicepresidente da Cámara subliñou a importancia dos principios que inspiran o dereito tributario, ao tempo que animou aos profesores participantes neste congreso a seguir efectuando achegas neste ámbito.

Simultanemante, Baltar Blanco convidou aos congresistas a voltar a Santiago en 2010, Ano Santo Compostelano, "un acontecemento no que temos depositadas grandes esparanzas", na medida en que "celebracións anteriores teñen acreditado con creces a elevada capacidade de atracción de visitantes dos Anos Santos Xacobeos".

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Departamento de Prensa: Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia
Tel. 981 551 329 – Fax.: 981 551 400; e-mail: carlos.varela.castineiras@parlamentodegalicia.es